


Fandiño reúne, en **MEMORIA DO VIVIDO**, ensaios, biografías e entrevistas que debuxan un mapa cultural da Galicia contemporánea

O filólogo, editor e polígrafo compostelán recolle os seus traballos máis singulares dos últimos anos. Con eles percorremos as traxectorias de personalidades destacadas do noso país como o artista e empresario Isaac Díaz Pardo, a poeta Luz Pozo Garza, o historiador Xosé Ramón Barreiro ou o pintor Xulio Maside, entre outras.

FICHA TÉCNICA: 268 pp. 13 x 23 cms
 ISBN 978-84-18567-96-4. PAPEL FSC. PVP: 21,50 €



SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA DE 2026.- *Memoria do vivido* (Alvarellos Editora) reúne 17 textos nos que Xosé Ramón Fandiño **deixa testemuño dunha vida consagrada á nosa cultura**. Reúnense evocacións, entrevistas e artigos dispersos que, no seu conxunto, **constitúen un verdadeiro foro de reflexión sobre a historia recente do noso país**.

Fandiño é filólogo, editor, tradutor e polígrafo comprometido. Polo seu labor profesional, puido protagonizar, no último medio século, momentos decisivos do noso devir cultural, como foi a **dirección da Gran Enciclopedia Gallega**, os seus anos fundamentais de traballo en **Sargadelos ao lado de Isaac Díaz Pardo**, ou a súa intensa dedicación á Fundación Pedrón de Ouro... E tratar con artistas e creadores como Xulio Maside, Ramiro Fonte, Aurichu Pereira, Carlos García Martínez ou Antonio Fraguas.

Un apartado especial merecen as **extensas entrevistas, conversas profundas**, que o autor mantivo co artista e empresario Isaac Díaz Pardo, coa poeta Luz Pozo Garza, co historiador Xosé Ramón Barreiro ou co arquitecto Andrés Fernández-Albalat. No xogo de preguntas e respostas parece que os estamos a escoitar de novo a todos eles, que reviven para nós.

Estes pequenos ensaios narrativos **reconstrúen un mapa emocional e intelectual da Galicia contemporánea**.

A capa reproduce unha das obras máis recoñecidas de Isaac Díaz Pardo: *Xentes que ollan* (1963).

Xosé Ramón Fandiño (Santiago de Compostela, 1946) é filólogo e editor. Foi director da *Gran Enciclopedia Gallega*. Autor de abundante obra como ensaísta e colaborador de diversos medios de comunicación, especialmente da Radio Galega, onde o seu programa «Galicia Universitaria» foi distinguido en 1995 co Premio V Centenario. Participou en varios proxectos do Consello da Cultura Galega, da Universidade de Santiago e da Xunta de Galicia, entre os que destaca o comisariado da exposición itinerante dedicada a Castelao no 2011 con motivo do 125 aniversario do seu nacemento e da exposición *Ao pé do prelo. Luís Seoane, editor y artista gráfico* (2010). Durante dez anos foi colaborador de Isaac Díaz Pardo no Instituto Galego de Información. Sobre a figura de este intelectual comisariou a exposición *Con Galiza sempre no horizonte. Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo en Compostela* (2018). Así mesmo, é autor do libro *Isaac Díaz Pardo. Memoria do compromiso* (2020).



Para contactar co autor: xoseramon@hotmail.com

